



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



ORDENANZA REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE 0-3 DE MEAÑO

(Aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 10 de agosto de 2009 coa incorporación da corrección de erros aprobada polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 14 de decembro de 2009)

Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación

- Artigo 1. Obxecto
- Artigo 2. Ámbito de Aplicación

Capítulo II Dereitos e Deberes

- Artigo 3. Dereito das persoas usuarias
- Artigo 4. Obrigas das familias ou representantes legais

Capítulo III. Estructura Orgánica

- Artigo 5. Dirección
- Artigo 6. Comisión Educativa

Capítulo IV. Persoal da Escola

- Artigo 7. Cualificacións profesionais do persoal e requisitos
- Artigo 8. Funcións do persoal da Escola
- Artigo 9. Dereitos do persoal
- Artigo 10. Obrigas do persoal

Capítulo V. Procedemento de adxudicación de prazas e financiamento

- Artigo 11. Criterios de admisión
- Artigo 12. Idades de ingreso e permanencia
- Artigo 13. Solicitudes de novo ingreso
- Artigo 14. Baremo de admisión
- Artigo 15. Solicitude de reserva de praza
- Artigo 16. Matriculación de alumn@s
- Artigo 17. Vacantes
- Artigo 18. Financiamento
- Artigo 19. Tarifas
- Artigo 20. Baixas

Capítulo VI. Normas de convivencia

- Artigo 21. Horarios e aperturas
- Artigo 22. Normas de saúde e hixiene persoal
- Artigo 23. Intolerancias alimentarias
- Artigo 24. Período de adaptación
- Artigo 25 Réxime de saídas





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



Artigo 26 Participación dos pais / nais/ representantes legais

Artigo 27. Promoción da igualdade entre @s nen@s

Artigo 28. Promoción da integración

Disposición Derogatoria

Disposición Derradeira

A Ordenanza reguladora do réxime interior de funcionamento da Escola Infantil de 0 a 3 anos de Meaño, baséase no artigo 7 do Decreto 143/2007 do 12 de xullo polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

E o Artigo 20.4 b) do Decreto 329/2005 do 28 de xullo, poio que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Datos xerais de identificación:

- ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MEANO (nº de identificación no Rexistro Unico de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) E-606).
- Representante legal: Alcalde do Concello de Meaño.
- Enderezo: Rúa dos Colexios nº9- Dena, Telf.: 987 744118.
- Capacidade:
 - * Número de prazas: 56
 - * Unidades: 4, coa seguinte distribución: 1 (0-1) con 8 prazas, 1 (0-3) con 15 prazas, 1 (1-2) con 13 prazas e 1 (2-3) con 20 prazas.

Datos que figuran na Resolución de data 29 de decembro do 2000 pola que se concede o permiso de inicio de actividades para o 1º ciclo de educación infantil (0-3 anos) ó Centro Municipal de Atención á Infancia, nº de identificación Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais: F-00438-C-00 1.

CAPÍTULO 1

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1.- OBXECTO

A presente ordenanza ten por obxecto establecer a organización e o funcionamento da Escola Infantil Municipal de 0- 3 anos, do Concello de Meaño.

ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN





Constitúe o ámbito de aplicación do presente regulamento a Escola Infantil Municipal de 0-3 anos sita no Ilmo. Concello de Meaño e dependente del.

CAPÍTULO II DEREITOS E DEBERES

ARTIGO 3.- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

Enténdese por persoa usuaria o/a neno/a matriculada na escola e os seus pais, nais ou titores.

As persoas usuarias terán os seguintes dereitos:

- Acceso á escola e a recibir información sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- A consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal da escola como das demais persoas usuarias.
- Ao sixilo profesional sobre os datos do seu historial sanitario e sociofamiliar.
- A realizar saídas ao exterior, sempre e cando os/as menores vaian acompañados por unha persoa adulta da escola responsable, e sempre con autorización escrita por parte dos seus pais/nais ou representantes legais
- A intimidade persoal.
- A teren unha atención individualizada acorde coas súas necesidades específicas
- A que se lles facilite o acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que fosen precisas para acadar o seu desenvolvemento integral.
- A recibir educación na tolerancia, igualdade e a convivencia democrática, e a posibilitarlles que podan facer uso das súas opcións de xeito libre e persoal.

En particular, os pais, nais e Ion titores terán dereito a:

- A deixar de utilizar os servizos ou abandonar a escola por vontade propia.
- A ter información de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto dos/as menores e a pedir explicación de canto afecte á súa propia educación.

ARTIGO 4.- OBRIGAS DA FAMILIAS OU REPRESENTANTES LEGAIS

Son obrigas das familias ou representantes legais dos/as nenos/as:

- Cumprir as normas que estableza a escola par o seu bo funcionamento recollidas no presente regulamento.





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



- b) Manter e observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
- c) Participar na vida da escola, de acordo co que se dispoña neste regulamento
- d) Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde ou malestar sexa conveniente que o alumnado abandone a escola

CAPÍTULO III ESTRUCTURA ORGÁNICA.

ARTIGO 5.- A COMISIÓN ADMINISTRATIVA

É o órgano que asumirá a coordinación xeral, administrativa e pedagóxica, da escola e marcará as directrices.

Presidirá a Comisión o/a Concelleiro/a de Educación, que se encargará de convocar as reunións deste órgano. Deberá haber, cando menos, tres reunións durante o curso.

A súa composición será a seguinte:

- a) Concelleiro/a de Educación
- b) Director/a da Escola Infantil
- c) Técnico de Educación, Cultura, Xuventude e Turismo

A Comisión Administrativa terá as seguintes competencias.

- a) Valorar a documentación presentada para as solicitudes de novo ingreso e conceder as prazas.
- b) Aprobar a memoria anual de actividades.
- c) Aprobar o Proxecto Educativo da Escola e a Memoria.
- d) Calcular as tarifas de cada usuario en función da documentación presentada.
- e) Dar resposta as incidencias que xurdan no centro tanto por parte dos pais/nais/titores como do persoal do Centro.
- f) Organizar as saídas e festas que se desenvolvan na Escola
- g) Propor á administración competente cantas medidas foren precisas para mellorar o funcionamento da escola.

ARTIGO 6.- A COMISIÓN EDUCATIVA.

É o órgano responsable do funcionamento da escola e depende organicamente e funcionalmente do Concello de Meaño. Estará presidido polo Coordinador-a /Director-a da escola que terá como funcións:

- a) Convocar e presidir a Comisión Educativa da escola.





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



- b) Comunicar ao concelleiro/-a de Educación as incidencias relativas ás necesidades de mantemento da escola, baixas do persoal, necesidades materiais e calquera outra circunstancia que afecte ao ordinario funcionamento desta.

A súa composición será a seguinte:

1. Coordinador-a / Director-a
2. Todo o persoal educativo da escola (mestres/as, educadores/as)

A Comisión Educativa terá as seguintes competencias:

- a) Elaborar o Proxecto Educativo da Escola e a Programación Anual de Actividades
- b) Facer o seguimento da programación da escola e o proceso educativo grupal e individual.
- c) Supervisar o desenvolvemento da Proposta Pedagóxica incluída no Proxecto Educativo da Escola.
- d) Aplicar o presente Regulamento e participar na modificación, revisión ou desenvolvemento deste.

CAPÍTULO IV PERSONAL DA ESCOLA

ARTIGO 7.- CUALIFICACIÓNS PROFESIONAIS DO PERSONAL E REQUISITOS.

O persoal da Escola estará integrado por:

*Directores/as. Diplomado/a en Maxisterio, especialidade en educación infantil, ou Diplomado/a en Profesorado EXB, especialidade Preescolar.

*Mestres/as. Diplomado/a en Maxisterio, especialidade en educación infantil, ou

Diplomado/a en Profesorado EXB, especialidade Preescolar.

* Educadores/as. Técnico superior en Educación Infantil ou Técnico especialista en Xardín de infancia.

*persoal de servizos xerais. Certificado de escolaridade, Graduado Escolar ou Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

ARTIGO 8.- FUNCIONES DO PERSONAL DA ESCOLA

I) DO DIRECTOR/A. Correspóndenlle as funcións descritas no artigo 5





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



II) DO PERSOAL DE ATENCION DIRECTA OS /AS NENOS/AS: MESTRES/AS E EDUCADORES/AS.

O persoal educativo terá as seguintes funcións:

- Colaborar coa dirección na elaboración e actualización do Proxecto Educativo e a Proposta Pedagóxica do centro.
- Fixar os criterios para o seguimento e a avaliación destes documentos
- Realizar as funcións educativas incluídas na lexislación vixente para o ciclo educativo, no referente ao desenvolvemento dos/as nenos/as, á preparación e ao deseño de propostas pedagóxicas, coordinación coas familias, hixiene, alimentación e sono dos/as nenos/as, organización dos espazos e materiais pedagóxicos, etc.
- Establecer criterios xerais aos que deben adaptarse as intervencións educativas de cada un dos grupos de idade
- Participar nas actividades de formación permanente
- Prestar especial atención ao periodo de adaptación.
- Avaliar o funcionamento e a organización da escola e propoñer iniciativas par a mellora do seu funcionamento ante a dirección desta.

No marco destas funcións os/as mestres/as exercerán un papel de coordinación e animación da acción educativa.

II) DO PERSOAL DE SERVIZOS XERAIS.

Encargadas/os da orde e hixeiza das estancias encomendadas

- Orde, distribución e mantemento dos materiais encomendados
- Aranxo dos desperfectos e problemas de luz e fontanería que se produzan na escola.
- Limpeza das dependencias da escola, aulas, aseos, corredores, patio etc.
- Outras necesarias para a actividade da escola, propias da súa categoría profesional

ARTIGO 9.- DEREITOS DO PERSOAL

Son dereitos do persoal da escola.

- Recibir regularmente información da marcha e do funcionamento da escola, a través do/da director/a responsable
- Presentar propostas que contribúan a mellorar o funcionamento da escola e a atención prestada aos menores.
- Para o persoal educativo, desenvolver as súas funcións educativas segundo o criterio persoal, sempre que se axusten ao proxecto educativo e á programación anual da escola.





- d) A que he sexan proporcionados, dentro das posibilidades da escola, os recursos e os medios precisos para desenvolver as súas funcións axeitadamente en beneficio do alumnado que ten ao seu cargo.

ARTIGO 10.- OBRIGAS DO PERSOAL

Son obrigas do persoal da escola

- Cumprir e facer cumprir de acordo coas súas funcións o presente regulamento.
- Velar polo respecto aos dereitos dos e das menores recollidos no presente Regulamento e aquel outros recoñecidos na lexislación vixente.
- Gardar estricte confidencialidade sobre os datos persoais dos e das menores e das súas familias aos que teñen acceso en razón das súas funcións
- Cumprimento das tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto de traballo.
- O persoal educativo deberá desenvolver o seu labor de acordo co marco lexislativo vixente para o tramo de idade de 0 a 3 anos.

CAPÍTULO V PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E FINANCIAMENTO

ARTIGO 11.- CRITERIOS DE ADMISIÓN

1. Reserva de praza ordinaria

Os/as nenos/as matriculados na Escola Infantil Municipal de 0 a 3 anos no presente curso gozan de preferencia para a adxudicación de praza na presente convocatoria sempre que cumpran os requisitos establecidos no artigo 12 deste reguhamento.

2. Reserva de praza de novo ingreso para fillos/as do persoal que preste servico na Escola.

Unha vez adxudicadas as prazas de reserva ordinaria, adxudicaranse as prazas de novo ingreso para os /as fillos/as do persoal que traballa na escola

3. Novo ingreso

Unha vez adxudicadas as prazas correspondentes ás reservas de prazas, as prazas vacantes serán adxudicadas ás persoas solicitantes de novo ingreso segundo a puntuación obtida pola aplicación do baremo que figura no anexo 1. Esta puntuación determinará a orde de relación na adxudicación de prazas.





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



4. Ingresos urxentes

Para ingresos de máxima urxencia reservarase alomenos unha praza por grupo de idade e como máximo unha por cada unidade aberta na Escola. Terán consideración de ingresos urxentes cando afecta algún dos seguintes casos:

- * Menores tutelados/as pola administración autonómica
- * Fulas/os de mulleres que se atopen en casas de acollida ou vítimas de violencia de xenero.
- * Aqueloutros nos cales concorren circunstancias socioeconómicas e familiares que requisan unha intervención inmediata, tralo informe dos servizos sociais do Concello.
- * A adxudicación ou denegación de praza nestes supostos será resolta pola Comisión de valoración valorando a documentación presentada e o informe social.

5. Preferencia para obter praza:

- Terán preferencia para obter praza na Escola aqueles nenos/as empadroados no Concello de Meaño.
- Tamén poderán acceder ao servizo as filias e os fillos das persoas que estando empadroadas noutro concello teñan os seus postos de traballo no municipio de Meaño. Esta situación deberá acreditarse cun certificado da empresa ou institución correspondente.
- De existir prazas vacantes poderán acceder tamén persoas dos concellos limítrofes que non conten con escola infantil pública.

ARTIGO 12.- IDADES DE INGRESO E PERMANENCIA

Os requisitos de idade que deberán cumprir os nenos serán os seguintes:

- Idade mínima: ter feitos os catro meses na data de ingreso.
- Idade máxima. Non ter cumpridos os tres anos o 31 de decembro do ano de presentación da solicitude.
- Non obstante, poderá eximirse do límite de idade aos nenos e nenas con discapacidade física, psíquica ou sensorial susceptibles de integración, logo do dictame conxunto da dirección e do organismo competente da Administración Autonómica.

ARTIGO 13.- SOLICITUDES DE NOVO INGRESO





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



1. As solicitudes de novo ingreso faranse segundo modelo que facilitará a Escola nas Oficinas do Concello e dende estas prestarase a colaboración precisa ás persoas usuarias para cubrir a solicitude a fin de que os datos estean debidamente cubertos. A sinatura da solicitude conlevará a aceptación e coñecemento do presente regulamento.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da situación familiar:

- * Fotocopia libro de familia
- * Fotocopia do DNI ou do pasaporte dos pais/nais ou titores
- * Certificado de empadramento e convivencia que será expedido polo concello.

b) Documentación acreditativa da situación económica:

- * Fotocopia da última declaración da renda, de todos os membros da unidade familiar ou, no seu defecto, certificado emitido pola Delegación de Facenda que avale a súa non presentación.

c) Outra documentación (a presentar coa formalización da matrícula)

- * Certificado médico do neno ou da nena
- * Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social ou documento equivalente.
- * Seis fotografías tamaño carné
- * Impreso de domiciliación bancaria
- * Autorización por escrito dos pais/nais ou titores/as do neno ou nena para ser recollido na escola por unha terceira persoa.
- * Autorización por escrito dos pais/nais ou titores/as do neno ou nena para a administración de medicamentos
- * Autorización por escrito dos pais/nais ou titores/as do neno ou nena para as saídas didácticas.
- * Autorización por escrito dos pais/nais ou titores/as do neno ou nena para a realización de reportaxes visuais ou fotográficas.
- * No caso algunha deficiencia ou enfermidade alegada polos membros da unidade familiar, certificado expedido polo organismo correspondente.
- * No caso de nenos e nenas con algunha deficiencia física, psíquica ou sensorial, informe do organismo competente.
- * Se procedese, outros documentos nos que consten incidencias familiares, económicas ou sociais, susceptibles de puntuación.





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



2. A presentación de solicitudes de novo ingreso farase nas oficinas do Concello do 15 de abril ao 15 de maio.

ARTIGO 14.- BAREMO DE ADMISIÓN

1. Enténdese por unidade familiar a formada polos pais e irmáns para quen soliciten a praza. Con carácter xeral, terán preferencia as solicitudes pertencentes a unidades familiares con empadramento no Concello de Meaño.
2. A selección de solicitudes farase en función da puntuación acadada segundo o baremo que figura como anexo I deste regulamento. Mediante este baremo avaliaranse os factores socio-familiares, laborais e económicos da unidade familiar. En caso de obter igual puntuación terá prioridade a renda per cápita máis baixa.

ARTIGO 15.- SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA

Os pais/nais/titores dos nenos e nenas matriculados/as con praza na Escola Infantil de 0 a 3 anos de Meaño presentará a solicitude de reserva de praza nas oficinas do Concello de Meaño. Nestas oficinas facilitaráselles o impreso correspondente.

O prazo de presentación de solicitudes de renovación de praza farase do 1 ao 15 de abril.

Aqueles/as alumnos/as que fosen admitidos con anterioridade terán garantido o acceso aos novos cursos sen necesidade de someterse a ningún proceso de admisión, e terán que acreditar, en todo caso, o mantemento das condicións económicas, familiares e laborais que permitiron a admisión e os descontos correspondentes.

ARTIGO 16.- MATRICULACIÓN DE ALUMNOS/AS

Sen prexuízo dos recursos que procedan, a formalización da matrícula da Escola Infantil de 0 a 3 anos de Meaño, farase do 15 ao 30 de xuño

Se finalizado o período de matrícula, esta non fose formalizada ou entregada toda a documentación, decaerá o dereito á praza.

O previsto no parágrafo anterior será de aplicación tanto nos casos de reserva de praza ordinaria como nos de solicitude de novo ingreso

ARTIGO 17.- VACANTES

As prazas que sen causa xustificada non se atopen cubertas aos 15 días de iniciado o curso escolar, consideraranse como vacantes.





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



Durante o curso escolar poderá solicitar o ingreso na escola, sempre que existan prazas libres.

ARTIGO 18.- FINANCIAMENTO

A prestación do servizo da Escola Infantil de 0 a 3 anos de Meaño financiarase cos recursos do Concello de Meaño coas achegas da Xunta de Galicia e coas tarifas que abonarán as persoas usuarias.

ARTIGO 19.- TARIFAS

1. As tarifas son as establecidas polo Concello de Meaño e, en todo caso non superarán os máximos establecidos nas tarifas aprobadas pola Xunta de Galicia.
O pagamento das tarifas farase por adiantalo debendo ser abonadas do 10 ó 20 de cada mes a través dunha entidade bancaria.

2. A non asistencia da persoa usuaria durante un período determinado non supón redución ningunha nin exención da tarifa mentres non formahice a baixa correspondente. A pesar disto, e con carácter excepcional, poderán ser eximidas do pagamento da tarifa aquelas persoas que, por motivos de saúde, acrediten con anterioridade a producirse a ausencia e debidamente xustificado mediante informe médico a imposibilidade de asistir a escola durante un período superior a 30 día consecutivos.

3. Revisión da tarifa: durante o curso poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias económicas ou familiares. Neste sentido a persoa beneficiaria queda obrigada a comunicar calquera variación que se produza ao respecto.

ARTIGO 20.- BAIXAS

Causarase baixa na Escola por algunha das causas seguintes:

- Incumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia na Escola.
- Por solicitude dos pais/nais ou representantes legais.
- Por falta de pagamento da cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refira a débeda
- Por comprobación da falsidade dos datos ou documentos achegados
- Por incompatibilidade e inadaptación absoluta para permanecer na escola
- Por falta de asistencia continuada durante 15 días sen causa xustificada
- Por incumprimento reiterado das normas da escola.





CAPÍTULO VI NORMAS DE CONVIVENCIA

ARTIGO 21.- HORARIOS E APERTURAS

1. A escola prestará os seus servinos once meses e medio ó ano. O horario será de luns a venres de 08:00 a 20:00 horas.

A escola terá uns horarios de entrada e saída nos que os alumnos estarán na aula de Usos Múltiples, considerada a aula de recepción. Os horarios de entrada e saída son os seguintes:

Mañá: Entrada de 08:00 a 10:00 horas Saída a partir das 13:00 horas.

Tarde: Entrada de 14:00 a 16:00 horas Saída de 19:00 a 20:00 horas

O tempo máximo de permanencia na escola sexa de 8 horas, agás casos excepcionais debidamente xustificados.

2. Serán días festivos da escola os establecidos no calendario laboral polo Estado, a Comunidade Autónoma e os festivos locais do Concello de Meaño

ARTIGO 22.- NORMAS DE SAÚDE E HIXIENE PERSOAL

- * Os/as nenos/as deberán acudir á Escola Infantil en condicións correctas de saúde e hixiene.
- * No caso de enfermidade ou accidente, logo da primeiras atencións, porase esta circunstancia en coñecemento dos pais/nais ou representantes legais, se fose o caso, que deberán acudir á escola para facerse cargo do neno ou nena. No caso de non poder desprazarse á escola, ou de que a circunstancia concreta do accidente o requírese, garantirase a atención médica axeitada.
- * A falta de asistencia por un período superior a 1 mes debido a enfermidade ou a outras circunstancias, as familias ou representantes legais deberana comunicar por escrito á Dirección da escola.
- * Naqueles casos en que se deban administrar medicinas aos nenos/as, estas deberán ir acompañadas das receitas médicas actualizadas. Nelas constará o nome do/a neno/a, o nome do medicamento e como e cando debe administrarse. Xunto á receita deberá achegarse a correspondente autorización por escrito dos pais/nais/representantes legais.
- * Todos os nenos/as que usen cueiros deberán traer un paquete deles e un bote de toallhiñas. Este material repoñerase cando fose preciso.
- * Os/as nenos/as terán sempre unha muda completa de reposto e unha manta para durmir.





- * O/a neno/a permanecerá na casa cando tivese febre, diarrea, vómitos ou enfermidade contaxiosa (rubéola, papeiras, sarampelo, lombrigas, piollos, etc.) De aparecer calquera destes síntomas mentres permanece na escola será posto en coñecemento dos pais/nais/representantes legais para estes recoller o/a neno/a o antes posible.

Os/as nenos/as deberá acudir á escola con roupa que lles permita moverse con plena comodidade.

ARTIGO 23.- INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS

Os pais/nais ou representantes legais deberán presentar o informe pediátrico correspondente naqueles casos en que se deba prestar unha especial atención, polo tipo de intolerancia alimentaria que poidan presentar os nenos/as.

ARTIGO 24.- PERÍODO DE ADAPTACIÓN

A asistencia por primeira vez a un centro educativo, é un feito moi significativo. Posibilita o contacto con outros nenos e nenas da súa idade e o acceso a diferentes actividades, feito que permite o seu desenvolvemento psicolóxico e social.

Ao mesmo tempo, pode resultar algo delicado, porque se separa por vez primeira do seu ambiente habitual e das persoas coas que convivía sempre. Enfrontarse a un ambiente novo e estraño fai que sexa frecuente e moi normal que, sobre todo nos primeiros días, os nenos/as rexeiten acudir á escola. Por iso precisan un período de adaptación.

O presente regulamento recolle unha serie de medidas que deberán ser postas en coñecemento dos/as pais/nais ou representantes legais por parte da Dirección da Escola para facilitar todo o proceso de adaptación:

- * Incol.poración progresiva. Como mínimo durante a primeira semana ir aumentando pouco a pouco so tempos de estancia e graduar a incorporación dos/as nenos/as en distintos días. Poderá aumentar este período en función das necesidades específicas de cada neno/a.
- * Evitar todo tipo de manifestacións que poidan transmitir ao neno ou nena sensación de angustia ou inseguridade relacionadas coa súa asistencia á escola.
- * Procurar, pola contra, transmitir expectativas positivas e interese especial por todo o relacionado coa escola.
- * E recomendable que a asistencia sexa o máis regular posible, de tal maneira que chegue a converterse nun hábito de vida do/a neno/a.
- * A incorporación progresiva posibilitará que na escola se he presta unha especial atención os primeiros días, mellorando a calidade da acollida e da adaptación relación afectiva cos/as educadores/as.





- * A dirección da Escola porá en coñecemento da familia todas estas medidas e convidara a expor calquera dúbida ou aclaración en relación ao tema.

ARTIGO 25.- RÉXIME DE SAÍDAS

Os nenos e nenas poderán realizar as saídas establecidas na programación do curso, trala autorización por escrito por parte dos pais, nais ou representantes legais.

Obxectivos:

- * Explorar e observar o medio máis próximo.
Integrarse e coñecer manifestacións culturais do seu contorno
- * Fomentar a relación cos adultos e cos seus iguais, incentivando as relacións sociais.

ARTIGO 26.- PARTICIPACIÓN DOS PAIS/NAIS/REPRESENTANTES LEGAIS

A dirección da escola fomentará a colaboración dos pais coa escola e as relacións co persoal desta. Os/as pais/nais/representantes legais poderán solicitar unha reunión co titores/a do seu fillo/a ou coa dirección de conformidade co horario establecido para tal fin.

En todo caso, a dirección informará por escrito, ao principio do curso, dos horarios de atención aos pais, nais ou representantes legais dos nenos/as.

Porase a disposición da persoa usuaria o libro de reclamacións. O contido destas será exposto de xeito periódico a Consello de Participación da Escola, agás naqueles casos en que se requira unha contestación inmediata.

As familias e representantes legais e titores de nenos terá acceso ás instalacións.

Desde a Escola promoverán se intercambios de información informais.

Ao longo do curso planificarán se entrevistas periódicas.

Despois do proceso de matriculación, haberá unha reunión cos pais/nais ou representantes legais dos nenos/as aceptados na escola para lles ensinar as instalacións, e para lles explicar todo o que se considere de interese para eles. Daráselle unha listaxe cos materiais que fan falta tanto educativos como hixiénicos.

ARTIGO 27.- PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE OS NENOS/AS

A escola deberá promover a igualdade como valor fundamental de convivencia entre os/as nenos/as. Será o cerne de todas as actividades que se desenvolvan na escola e reflectirase non só nas actividades e no material de traballo senón tamén no comportamento habitual dos/as mestres/as e educadores/as.

Todas as actividades reflectiránse no Proxecto Educativo da Escola e tamén nas propostas pedagóxicas.





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



A dirección da Escola prestará atención especial ao fomento e respecto da interculturalidade, como instrumento de superación das desigualdades, prexuízos e racismo.

ARTIGO 28.- PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN

A escola promoverá a 'integración de nenos/as con necesidades educativas especiais, fomentando deste xeito a igualdade e o respecto como valores esenciais da convivencia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA:

A Escola Infantil Municipal de 0-3 de Meaño conta con plan de actuación para casos de emerxencia, póliza de responsabilidade civil e de accidentes, libro de reclamación, proxecto educativo, libro de rexistro de usuarios e expediente individual.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogado do Regulamento de Réxime Interior do Centro Municipal de Atención a Primeira Infancia de Meaño, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 26 de outubro de 2000.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 10 de agosto de 2009 entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 en concordancia co artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derogación expresa.





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



ANEXO 1: BAREMO DE APLICACIÓN ÁS SOLICITUDES DE ADMISIÓN NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MEAÑO DE 0-3 ANOS

1º.- SITUACIÓN SOCIO- FAMILIAR

- 1.1.- Por cada membro da unidade familiar2 ptos.
- 1.2.- Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta1 ptos.
- 1.3.- No caso de que a/o neno/a para o que se solicita praza naceu nun parto múltiple1 ptos.
- 1.4.- Por cada membro da unidade familiar, afectado por minusvalía física, psíquica ou sensorial, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia2 ptos
- 1.5.- Pola condición de familia monoparental3 ptos.
- 1.6.- Por ausencia do fogar familiar dos dous membros parenterais6 ptos.
- 1.7.- Por irmán/á — áns/ás con praza renovada na escola3 ptos.
- 1.8.- Pola condición de familia numerosa3 ptos.
- 1.9.- Calquera circunstancia familiar grave debidamente acreditada3 ptos.

2º SITUACION LABORAL E FAMILIAR

2.1.- Situación laboral de ocupación:

- Pai3 ptos.
- Nai3 ptos.

2.2.- Situación laboral de desemprego:

- Pai2 ptos.
- Nai2 ptos.

• No caso de familias monoparentais, adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente multiplicada por dous.

3º •- SITUACIÓN ECONÓMICA

RPC mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

- Inferior ao 25% do IPREM+4 ptos.
- Entre 25% e o 50% do IPREM+ 3 ptos.
- Entre 50% e o 75% do IPREM+2 ptos.
- Entre 75% e o 100% do IPREM+ 1 ptos.
- Entre 100% e o 125% do IPREM- 1 ptos.
- Entre 125% e o 150% do IPREM-2 ptos.
- Entre 150% e o 200% do IPREM-3 ptos.
- Igual ou superior ao 200% do IPREM-4 ptos.

- En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.



Meaño, 14 de decembro de 2009

O Alcalde

Asdo. Jorge Domínguez Rosal

